

ADDENDA: Adaptación ao contexto COVID

Curso 2020-21

ÁREA.- DEBUXO TÉCNICO II

NIVEL.- 2º BACHARELATO

ÍNDICE

1º Temporalización.

2º Obxectivos desta adaptación.

3º Análise e valoración das aprendizaxes imprescindibles que se impartiron e das non se impartiron no curso 2019-2020.

4º Incorporación das aprendizaxes non adquiridas à programación do novo curso escolar.

- a) Revisión dos obxectivos de area ou materia
- b) Revisión dos contidos

5º Adaptacións necesarias á docencia non presencial

- a) Desenvolvemento das clases e metodoloxía en caso de atención a alumnado en corentena.
- b) Desenvolvemento da actividade lectiva e metodoloxía en caso de suspensión das clases presenciais.
- c) Procedementos e instrumentos de avaliación deseñados para o ensino non presencial.
- d) Modo de proveer o dereito á educación ao alumnado que non poida seguir a ensinanza telemática.
- e) Mecanismos que o profesorado adoptará para asegurar o seguimento continuo do curso polo alumnado.

6º Revisión do desenvolvemento da addenda.

1º Temporalización

Primeiro trimestre do curso 2020-21.

2º Obxectivos desta adaptación.

- Incorporar as aprendizaxes imprescindibles non adquiridas no curso pasado.
- Recuperar as aprendizaxes imprescindibles non adquiridas no curso pasado, polo que partimos dun nivel máis baixo ca outros anos.
- Reforzar, partindo dos informes individualizados elaborados a finalización do curso 2019/2020, os elementos curriculares esenciais.
- Establecer medidas metodolóxicas e organizativas que favorezan o pleno desenvolvemento de todo o alumnado.

3º Análise e valoración das aprendizaxes imprescindibles que se impartiron e das que non se impartiron no curso 2019/2020.

Dos informes do ano pasado dedúcese que traballaron a maior parte dos contidos, pero quedaron sen estudar:

Tema 15 Sistema Diédrico III

- Paralelismo, perpendicularidade e distancias.

Tema 18 Sistema de Perspectiva Cabaleira.

Tema 19 Sistema Cónico de Perspectiva Lineal I.

Tema 20 Sistema Cónico de Perspectiva Lineal II

Neste primeiro trimestre tratamos de reforzar e traballar:

- Destreza elaborando croquis e bosquejos a man alzada
- Desenvolvemento da visión espacial (Sistema Diédrico).

- Hai que repasar temas fundamentais do Sistema Diédrico, sobre todo incidir nos contidos de Paralelismo, Intersección, Perpendicularidade e Distancias.

5º Incorporación das aprendizaxes non adquiridas a programación do novo curso escolar.

a) Revisión dos obxectivos de area ou materia

Os obxectivos desta área non se modifican.

b) Revisión dos contidos

Os contidos non se modifican.

5º Adaptacións necesarias á docencia non presencial

Contemplamos dúas modalidades de docencia non presencial: **telemática e mixta.**

a) Desenvolvemento das clases e metodoloxía en caso de atención a alumnado en corentena. (modalidade ensino mixto)

Empregarase a plataforma Classroom, e/ou a Aula Virtual, permitindo a programación de actividades e a avaliación individualizada de cada alumno/a.

b) Desenvolvemento da actividade lectiva e metodoloxía en caso de suspensión das clases presenciais.

A docencia realizarase a través da Aula Virtual ou Classroom co curso creado para esta área e nivel no que está matriculado todo o alumnado.

c) Procedementos e instrumentos de avaliación deseñados para o ensino non presencial.

No ensino non presencial :

Realizaranse 2 probas prácticas que ponderarán un 90%.

O resto, serán apuntes e exercicios que ponderarán un 10%. A través da Aula Virtual ou Classroom.

- ❖ *As probas realizaranse, sempre que as condicións o permitan, de xeito presencial, tamén na ensinaza mixta.*

d) Modo de proveer o dereito á educación ao alumnado que non poida seguir a ensinanza telemática.

Do alumnado deste nivel, todos teñen acceso á rede. Poden ter o inconveniente de ter que compartir ordenador, nalgún caso.

e) Mecanismos que o profesorado adoptará para asegurar o seguimento continuo do curso polo alumnado.

No caso de suspensión da actividade lectiva para todo o grupo controlarase diariamente o acceso e actividade de cada alumno/a á Aula virtual ou Classroom. No caso de ter que permanecer illado parte do alumnado do grupo, controlarase diariamente o acceso ás actividades de Clasroom ou Aula Virtual dependendo do alumnado en corentena.

6º Revisión do desenvolvemento da addenda

A revisión desta addenda realizarase na primeira xuntanza de coordinación do 2º trimestre e segundo o seu resultado procederase á súa actualización.